



# MODELO DE XORNADA DE ATLETISMO EN PISTA.

Trátase de facer unha serie de probas atléticas formando equipos con cada clase/grupo de alumnos de 5º curso de E.P.

No exemplo que segue, no cole CEP Pedro Caselles fixéronse dous equipos: Caselles A e Caselles B,

| CEP Pedro Caselles A - Equipo 1:   | CEP Pedro Caselles A - Equipo 2:   | CEP Pedro Caselles A - Equipo 3:   |
|--|--|--|
| <b>60 m lisos:</b><br><input type="text" value="Elix participante"/>   | <b>60 m lisos:</b><br><input type="text" value="Elix participante"/>   | <b>60 m lisos:</b><br><input type="text" value="Elix participante"/>   |
| <b>500 m lisos:</b><br><input type="text" value="Elix participante"/>  | <b>500 m lisos:</b><br><input type="text" value="Elix participante"/>  | <b>500 m lisos:</b><br><input type="text" value="Elix participante"/>  |
| <b>Vórtex:</b><br><input type="text" value="Elix participante"/>   | <b>Vórtex:</b><br><input type="text" value="Elix participante"/>   | <b>Vórtex:</b><br><input type="text" value="Elix participante"/>   |
| <b>Lonxitude:</b><br><input type="text" value="Elix participante"/>  | <b>Lonxitude:</b><br><input type="text" value="Elix participante"/>  | <b>Lonxitude:</b><br><input type="text" value="Elix participante"/>  |
| <b>Peso (2 Kg):</b><br><input type="text" value="Elix participante"/>  | <b>Peso (2 Kg):</b><br><input type="text" value="Elix participante"/>  | <b>Peso (2 Kg):</b><br><input type="text" value="Elix participante"/>  |
| <b>4x60 Relevos:</b><br><input type="text" value="Elix participante"/><br><input type="text" value="Elix participante"/><br><input type="text" value="Elix participante"/><br><input type="text" value="Elix participante"/> | <b>4x60 Relevos:</b><br><input type="text" value="Elix participante"/><br><input type="text" value="Elix participante"/><br><input type="text" value="Elix participante"/><br><input type="text" value="Elix participante"/> | <b>4x60 Relevos:</b><br><input type="text" value="Elix participante"/><br><input type="text" value="Elix participante"/><br><input type="text" value="Elix participante"/><br><input type="text" value="Elix participante"/> |

que corresponden cos dous cursos de Quinto que hai.

Cada un dos equipos, neste caso o Caselles A, forma tres subequipos (Equipo 1, Equipo 2 e Equipo 3)

En cada un destes subequipos adscribimos alumnado ás distintas probas: 60 m, 500 m, lanzamento de vórtex, salto de lonxitude, lanzamento de peso e a proba de relevos 4x60.

Durante a xornada de competición, van competindo todos os atletas dos equipos A de cada colexio, logo dos equipos B e finalmente dos equipos C. Deste xeito cada proba vai dando uns resultados que se traducen en puntos para o equipo.

Finalmente a puntuación obtida por cada representante dun equipo (ex: Caselles A) sumárase para poder ordear as clasificacións, é dicir, os participantes de Caselles A equipo 1 compiten contra os participantes dos equipo 1 de todos os outros colexios, e finalmente suman os resultados da súa competición cos obtidos polo equipo 2 e o equipo 3.



Para formar os tres subequipos debe respectarse o carácter mixto, e cada atleta pode participar como máximo en dúas probas, sendo neste caso unha delas obrigatoriamente a carreira de relevos.


Polo tanto cada subequipo pode estar formado por 5 participantes como mínimo e 9 como máximo, o que se traduce nunha clase de entre 15 e 27 alumnos/as. Os coles que non teñan un quinto con 15 alumnos/as poden facer soamente dous subequipos en lugar de tres.

Se tedes algún alumno/a repetidor, que sería infantil, podeades inscribilo, pero lembrade que en XOGADE tedes que crear equipo de Infantil tamén para mutualízalo convenientemente.

Condición para inscribir:

A partir deste curso 2017/18 xa non se envían formularios de inscrición por correo. Debedes acceder á web de [www.agrudebam.es](http://www.agrudebam.es) e na súa portada, na columna esquerda, pinchar “Aplicación de inscricións”

No acceso teredes un diálogo no que insertar usuario e contrasinal. Se novos, pulsades no botón rexistrarse e cubrides o formulario. En será activado o voso novo usuario (unha vez enviado o formulario avisade polo grupo de whatsapp para axilizar a activación)



Polo tanto, para participar, é necesario mutualizar ao alumnado previamente, e inscribilo nesta aplicación tamén. Hai posibilidade de importar dende XOGADE o alumnado mutualizado, o que facilita a tarefa.

No grupo de whatsapp colgáronse tutoriais para seguir estes pasos, e tamén é o foro para aclarar máis dúbidas.

Animádevos!